

CONCELLO DE XOVE

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 7 DE NOVEMBRO DE 2011.

ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. José Demetrio Salgueiro Rapa

Concelleiros:

D. José Manuel González Álvarez
D^a María Dolores Meitín Guerreiro
D^a Cristina Iglesias Guerreiro
D. José Manuel Balseiro Canoura
D^a M^a Rosario Balseiro López
D. Manuel Angel Meitín Rouco
D. Marco López López
D. Alberto Santos Vázquez
D. José Manuel López Hermida
D^a Ana María Abad López

Secretario:

D. Luís María Fernández del Olmo

Interventora:

D^a Elena Santos Rey

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as dezanove horas do día sete de novembro de dous mil once, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, e coa asistencia dos señores Concelleiros á marxe relacionados e do Secretario D. Luís María Fernández del Olmo, procedeuse a celebra-la sesión extraordinaria convocada para a hora e día da data.

Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde-Presidente, declarouse aberta a sesión, procedéndose ó debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día.

1º) MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA. APROBACIÓN INICIAL. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta á Corporación do ditame da Comisión Especial de Contas adoptado na sesión de data 3 de novembro de 2011, que a seguir se transcribe integramente:

“Polo Sr. Alcalde explícase á Comisión os aspectos máis relevantes da modificación do epígrafe, salientando, dunha banda que o imposto sobre vehículos de tracción mecánica non se revisa en Xove dende hai máis de 20 anos, e doutra banda que co incremento do coeficiente municipal do 1 ó 1,15 que se propón, Xove seguirá a ter as tarifas máis

baixas de toda a Mariña, con unha ostensible diferenza respecto das tarifas dos concellos limítrofes.

Remata a súa intervención o Sr. Alcalde sinalando que como consecuencia da crise económica e da diminución dos ingresos procedentes tanto da administración central como da autonómica e provincial, é necesario revisar o sistema fiscal para garanti-la prestación de servizos básicos, como poden ser as axudas ó emprego, ó estudo, ou á totalidade dos servizos sociais nos que Xove segue a ser, e seguirá sendo un referente en toda Galicia.

Polo Sr. Santos Vázquez manifestase que en principio non está a favor de subir impostos nun momento de crises e sobre todo un imposto que afecta a tódolos vehículos sen distinción, cando a maioría deles pódense considerar ferramentas de traballo.

Polo Sr. López López manifestase a súa reserva de voto, máis engade que en calquera caso, o seu voto non vai ser negativo.

Rematado o debate, a Comisión, co voto favorable dos Sres. Salgueiro Rapa, González Álvarez, Abad López, Meitín Guerreiro, e Iglesias Guerreiro, e coa reserva para pleno dos Sres. López López e Santos Vázquez, acorda dictaminar favorablemente, e na súa consecuencia propoñer ó concello

Pleno a modificación do Art. 4 da Ordenanza Fiscal Municipal Reguladora do Imposto Sobre Vehículos de Tracción Mecánica, que pasaría a ter o contido literal que a seguir se transcribe:

ARTIGO 4º. BASES E COTA TRIBUTARIA.

O imposto esixirase de acordo ao seguinte cadro de tarifas:

A) TURISMOS.

- *De menos de oito cabalos fiscais :14,51 Euros*
- *De 8 a 11,99 cabalos fiscais :39,19 Euros*
- *De 11,99 ata 15,99 cabalos fiscais :82,73 Euros*
- *De 16 ata 19,99 cabalos fiscais :103,05 Euros*
- *De 20 cabalos fiscais en diante :128,80 Euros*

B) AUTOBUSES. :

- *De menos de 21 prazas :95,80 Euros*
- *De 21 a 50 prazas :136,44 Euros*
- *De máis de 50 prazas :170,55 Euros*

C) CAMIÓN. :

- *De menos de 1000 kgs. de carga útil :48,62 Euros*
- *De 1.000 a 2.999 kgs. de carga útil :95,80 Euros*
- *De máis de 2.999 a 9.999 kgs. de carga útil :136,44 Euros*
- *De máis de 9.999 kgs. de carga útil : 170,55 Euros*

D) TRACTORES. :

- *De menos de 16 cabalos fiscais :20,32 Euros*
- *De 16 a 25 cabalos fiscais :31,94 Euros*
- *De máis de 25 cabalos fiscais :95,80 Euros*

E) REMOLQUES E SEMIRREMOLQUES ARRASTRADOS POR VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA :

- *De menos de 1000 kgs. e máis de 750 kgs. de carga útil :20,32 Euros*
- *De 1.000 a 2.999 kgs. de carga útil :31,94 Euros*
- *De máis de 2.999 kgs. de carga útil :95,80 Euros*

F) VEHÍCULOS. :

- *Ciclomotores : 5,08 Euros*
- *Motocicletas ata 125 centímetros cúbicos :5,08 Euros*
- *Motocicletas de máis de 125 ata 250 centímetros cúbicos :8,71 Euros*
- *Motocicletas de máis de 250 ata 500 centímetros cúbicos: 17,42 Euros*
- *Motocicletas de máis de 500 ata 1000 centímetros cúbicos :34,83 Euros*
- *Motocicletas de máis de 1.000 centímetros cúbicos: 69,67 Euros”*

Aberto o debate, polo Sr. Alcalde reitéranse os argumentos reflectidos no dictame transcrito, isto é, que este imposto leva máis de 20 anos sen revisar, que a pesar da suba prevista, Xove seguirá a ter as tarifas máis baixas de toda A Mariña, e que con esta e outras medidas, pretendese manter e mesmo potencia-la prestación de servizos básicos, sobre todo o de fomento do emprego.

Polo Sr. López Hermida, do Grupo Municipal do BNG sinalase que o fácil, dende un punto de vista puramente electoralista sería votar en contra da suba proposta polo Sr. Alcalde, máis o BNG pretende facer unha política seria e responsable, e neste sentido é consciente que para mante-lo nivel de servizos que o Concello presta ós veciños de Xove, é necesario mante-lo nivel de ingresos.

Engade o Sr. López Hermida que sen prexuízo do manifestado anteriormente, o BNG considera que cando se propón subir impostos en tempos de crise, é necesario explicar con todo detalle ós veciños, cal vai se-lo destino concreto do aumento de ingresos que a suba de impostos vai provocar e no caso concreto que nos ocupa, tamén sería necesario explicar porque Xove non oferta unha serie de servizos relacionados directa ou indirectamente coa circulación de vehículos, como pode ser, un sistema axeitado de aparcadoiros municipais, un servizo de grúa que garanta o respecto ós vados e reservas de aparcamento, etc. etc.

Remata a súa intervención o Sr. López Hermida preguntándose se esta medida que presenta o grupo de goberno é unha manifestación anticipada das medidas que o Partido Popular ten previsto adoptar nun futuro inmediato para sacar o país da crise.

Polo Sr. Alcalde contestase que os ingresos derivados da recaudación do I.V.T.M. non son finalistas, razón pola cal non se pode sinalar ou determinar un destino concreto dos mesmos, máis aló do criterio de que os mesmos sirvan para manter ou mesmo potenciar servizos básicos municipais.

Engade o Sr. Alcalde que o financiamento doutros servizos relacionados coa circulación de vehículos, como o Servizo de Grúa, aparcadoiros, etc. teñen por aplicación da lexislación vixente, un financiamento específico a través da imposición de novos tributos, ben sexa taxas ou prezos públicos, que nun concello coas dimensións e co parque de automóviles que ten Xove, non tería moito xeito impoñer.

Remata a súa intervención o Sr. Alcalde sinalando que nos case cinco anos que leva exercendo o seu cargo, ninguén lle ordenou adoptar acordo ningún, cousa que en calquera caso nunca admitiría e que a proposta que se está a tratar é unha medida de estrita xestión municipal ó igual que o foron na lexislatura pasada, tódalas propostas plantexadas polo grupo de goberno e que determinaron a modificación de practicamente a totalidade das ordenanzas fiscais municipais (auga, basoira, piscina municipal, gardería, cursos de formación, licencias de apertura, etc. etc.).

Polo Sr. Santos Vázquez manifestase que se reitera no manifestado na Comisión Informativa, engadindo que Xove, pola súa capacidade económica non pode ser pioneiro na suba de impostos, e que para mante-lo nivel de servizos, poderíase recortar noutros gastos, como as dedicacións ou outros servizos que teñen unhs déficits inasumibles.

Polo Sr. Alcalde contestase que é necesario deixar ben claro que esa especie de lenda urbana que considera que no Concello de Xove sobran os cartos, é absolutamente falsa, xa que Xove; se ben ten un nivel de ingresos similar ós concellos limítrofes e moita menos poboación, non é menos certo que Xove ten unha superficie de máis de 100 Km² e unha dispersión poboacional que encarece dun xeito importantísimo a prestación de servizos básicos como poden ser pistas municipais, redes de abastecemento de auga e saneamento, alumeadado público, etc. etc.

Engade o Sr. Alcalde que dende logo, Xove non é pioneiro na suba de impostos, xa que practicamente a totalidade dos concellos de A Mariña, de Galicia e de España, como consecuencia da crise, están subindo impostos porque é a única maneira de poder seguir prestando servizos básicos e

fundamentais ós seus cidadáns; en calquera caso, compre reiterar que Xove seguirá a ter a presión fiscal máis baixa que calquera outro concello, e un nivel de prestación e de servizos inigualable.

Remata a súa intervención o Sr. Alcalde sinalando que en Xove non sería necesario ter as dedicacións que ten, se a Diputación Provincial lle pagara algunha delas como está a facer coa retribución encuberta da dedicación do Alcalde de Viveiro.

Rematado o debate, a Comisión, co voto favorable dos Sres. Salgueiro Rapa, González Álvarez, Abad López, Meitín Guerreiro, Balseiro Canoura, Balseiro López, Meitín Rouco e Iglesias Guerreiro, coa abstención dos Sres. López López e López Hermida, e co voto en contra do Sr. Santos Vázquez, acorda aprobar inicialmente a modificación do Art. 4 da Ordenanza Fiscal Municipal Reguladora do Imposto Sobre Vehículos de Tracción Mecánica, anteriormente transcrita, someter o presente acordo ó preceptivo trámite de información pública por prazo de 30 días mediante anuncio a publicar no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ós efectos da presentación de alegacións e/ou reclamacións. No suposto da non presentación de reclamacións e/ou alegacións no trámite de información pública, o presente acordo entenderase elevado automaticamente a definitivo, procedendo á publicación do texto íntegro da ordenanza modificada no Boletín Oficial da Provincia para a súa entrada en vigor e aplicación consonte ó disposto no Art. 107.1 da Lei 7/1985 de 2 de abril, e no Art. 17 do R.D.L. 2/2004 de 5 de marzo.

E sen mais asuntos que tratar, sendo as vinte horas e cinco minutos, levantase a sesión, estendéndose a acta presente, de todo o que como Secretario, dou fé.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,

Asdo: José Demetrio Salgueiro Rapa

Asdo: Luís María Fernández del Olmo

